



**CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y
CONSULTORÍA
VIA NOBEL, Nº 7 - POL. INDUSTRIAL TAMBRE
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
A CORUÑA**

**PROCEDEMENTO: SA701A. AUTORIZACIÓN DAS ENTIDADES DE FORMACIÓN DO
PERSOAL QUE REALIZA AS OPERACIÓNS DE MANTEMENTO HIXIÉNICO-SANITARIO
DAS INSTALACIÓNS SUSCEPTIBLES DE PROPAGA-LA LEXIONELOSE
Nº EXPEDIENTE: SA701A 2015/2-1**

D^a. Sonia Martínez Arca, directora xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, en virtude das facultades que me están conferidas legalmente, a teor do disposto no Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, e a vista dos seguintes.

FEITOS

Vista a proposta da xefa territorial da Consellería de Sanidade de Coruña, de data 21 de xullo de 2015 **proponse a autorización** da entidade de formación de persoal que realiza as operacións de mantemento hixiénico-sanitario das instalacións susceptibles de se converter en focos de propagación da lexiónelose á CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA, cos seguintes datos:

- Nome ou razón social : CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA
- C.I.F. : B15958481
- Enderezo : VIA NOBEL, Nº 7 - POL. INDUSTRIAL TAMBRE
- Código postal : 15890
- Poboación : SANTIAGO DE COMPOSTELA
- Provincia : A CORUÑA

Ó anterior feito sonlle de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I

O Real Decreto 865/2003 do 4 de xullo (BOE nº 171, do 18 de xullo), como norma básica dictada ó abeiro do artigo 149.1.16ª da Constitución Española, determina os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexiónelose, establece no seu artigo 13, foi modificado pola disposición final terceira do Rd 830/2010 do 24 de xuño, no que refire que todo o persoal que traballe nas operacións de mantemento hixiénico-sanitario, deberá cumprir as disposicións da lexislación vixente en materia de capacitación para realizar tratamentos con biocidas, se ben ata que a normativa de capacitación se desenrole, debe seguir en vigor a norma anterior.

Polo que a Dirección General de Salud Pública del Ministerio de Sanidad y Consumo con data 28 de marzo de 2003 homologou un modelo de curso á Xunta de Galicia

II

A Orde SCO/317/2003, de 7 de febreiro, que entrou en vigor o 21 de febreiro de 2003, pola que se regula o procedemento para a homologación dos cursos de formación do persoal que realiza as operacións de mantemento hixiénico-sanitario das instalacións obxecto do Real Decreto 909/2001, de 27 de xullo no seu artigo terceiro, regula a autorización de cursos.

III

A Orde do 14 de abril de 2004 modificada polas ordes de 9 de febreiro de 2005 e do 15 de abril de 2008 de regulación da formación do persoal que realiza as operacións de mantemento hixiénico-sanitario das instalacións susceptibles de propaga-la lexiónelose, e o procedemento para a autorización das entidades de formación, regula no seu artigo 6 a resolución de autorización.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación,

RESOLVO

Conceder a autorización a CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA como entidade de formación do persoal que realiza as operacións de mantemento hixiénico-sanitario das instalacións susceptibles de propaga-la lexiónelose.

Esta autorización comporta as seguintes consideracións:

- Enténdese sen prexuízo doutras autorizacións ou acreditacións nas que o outorgamento corresponda a este ou a outros organismos da administración e das competencias a eles atribuídas.
- Así mesmo, deberá **comunicar** a xefatura territorial da consellería de Sanidade correspondente, o que expresa o artigo 12 da orde do 14 de abril de 2004, modificada polas ordes de 9 de febreiro de 2005 e do 15 de abril de 2008

As resolucións do órgano competente non poñen fin á vía administrativa, e contra elas, poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes ante o conselleira de Sanidade, de conformidade co disposto nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2015

